



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica	Código	652G01029	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	Correo electrónico	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es	
Profesorado	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	Correo electrónico	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia está orientada ao traballo experimental, activo e vivencial, de cara a descubrir e comprender o contorno, o medio galego, como un recurso didáctico e como unha fonte versátil de aprendizaxe. Preténdese que o alumnado coñeza, deseñe e experimente con recursos, ferramentas e materiais didácticos.</p> <p>Ensáiasse, de maneira experimental, a metodoloxía de traballo por proxectos. Así, a materia vana definindo a propia dinámica do curso e os centros de interese do alumnado, polo que se trata dun programa flexible e aberto, aínda que cunha relación de temas a tratar. O núcleo da materia está formado pola propia metodoloxía experimental na que se fomenta a participación activa, a creatividade e a autonomía.</p> <p>Realízanse obradoiros, actividades interdisciplinares e saídas culturais.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e comprender o medio cultural de Galicia como espazo dinámico cun importante potencial educador, e como recurso metodolóxico e didáctico de aplicación na Educación Infantil.	A23 A26 A37	B1 B3 B11 B12 B15 B20 B24	C4 C7
Deseñar propostas e actividades didácticas, dende unha metodoloxía de traballo por proxectos, sobre o contorno cultural galego axeitados ó ensino infantil. Aprender a construír proxectos dende o coñecemento e as emocións.	A33 A36 A39 A40	B1 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B17 B18	C1 C4 C6 C7



Fomentar actitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia	A37 A40	B5 B6	C4 C7 C8
--	------------	----------	----------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade 1. -Introdución.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Como pensamos e deseñamos a materia?</li> <li>- Que obxectivos nos marcamos?</li> <li>- Cales son os centros de interese?</li> <li>- De que coñecementos partimos?</li> <li>- Contidos e metodoloxía: propostas.</li> <li>- A interdisciplinabilidade e o traballo por proxectos na didáctica do medio xeográfico e histórico de Galicia.</li> </ul>
Unidade 2. -Paisaxes naturais, históricas e culturais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Que é a paisaxe?</li> <li>- Observacións e análise de paisaxes naturais, históricas e culturais.</li> <li>- As fontes de información e documentación no entorno.</li> <li>- Como ler e interpretar a paisaxe.</li> <li>- O clima, o relevo, a auga, a flora e fauna, a poboación de Galicia, etc., para traballar na E. Infantil.</li> </ul>
Unidade 3. -As poboadoras e poboadores de Galicia. Desde a Prehistoria á Idade Contemporánea. -A evolución cultural galega e a súa relación con outras culturas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Prehistoria e Historia na Educación Infantil?: a curiosidade, a motivación e os centros de interese.</li> <li>- A Arte e outras manifestacións da comunicación e creatividade.</li> <li>- Experiencias: traballando a historia na E. Infantil dende as emocións, a creatividade e a flexibilidade.</li> </ul>
Unidade 4. -Temas monográficos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nesta unidade traballaranse cuestións e temas concretos que vaian xurdindo da propia dinámica da aula e de especial actualidade.</li> <li>Ensaaiarase o traballo por proxectos, cunha ou máis temáticas de contidos, recursos e aplicacións didácticas idóneos coa materia.</li> <li>- Os obradoiros estarán directamente relacionados con estes temas.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B1 C1	1	2	3
Aprendizaxe colaborativa	B4 B5 B7 B8 B18	2	7	9
Eventos científicos e/ou divulgativos	B6 B8 B15 C7	5	12	17
Saídas de campo	A23 A40 B6 C4	6	16	22
Sesión maxistral	A37 B3 B20 B24 C6 C8	5	10.5	15.5
Seminario	A26 A33 A36 A39 B1 B4 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B17 B18 C1	11	30	41
Proba obxectiva	A37 A39 B9 B10 B11	1	2	3
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías
--------------



Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Periodicamente e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente na resolución de tarefas sobre temas que xurdan da dinámica da propia materia e temas propostos pola profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Realizarase algunha actividade tipo conferencia, charla, encontro, pequeno curso nas que o alumnado terá a oportunidade de coñecer as experiencias que se están a realizar na Educación Infantil e actualizar os seus coñecementos, relacionados co ámbito da materia.
Saídas de campo	Son saídas concibidas para o coñecemento do medio cultural no seu máis amplo ámbito, por medio da aprendizaxe directa. Son a base para a realización de propostas didácticas por parte do alumnado. Poderanse realizar saídas a exposicións, contornos naturais e encraves de interese cultural.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Terán unha orientación claramente didáctica e de aplicación das aprendizaxes nas aulas de Infantil.
Seminario	Realizaranse traballos en grupo, cun papel decisivo por parte do alumnado no que respecta á participación, discusión, toma de decisións en común, busca de información e documentación, establecemento de metodoloxías, elección de temáticas en relación coa orientación da materia e desenvolvemento dos mesmos. O carácter didáctico será primordial. A profesora guiará esta actividade.
Proba obxectiva	Ao ser esta unha materia de marcado carácter experimental, didáctico e de traballo colaborativo, realizarase un exercicio simple para que cada alumna/o responda de maneira individual ás cuestións traballadas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Os seminarios terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A37 A39 B9 B10 B11	Ao tratarse dunha materia flexible que se vai construíndo segundo os centros de interese do alumnado guiado pola profesora, e de marcado carácter experimental, esta proba é un exercicio simple a modo de resumo individual da actividade desenvolvida por cada alumna/o.	40
Saídas de campo	A23 A40 B6 C4	A asistencia será obrigatoria e puntuará a participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas.	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	B6 B8 B15 C7	A asistencia será obrigatoria e as alumnas e alumnos realizarán comentarios escritos acerca das actividades.	20
Seminario	A26 A33 A36 A39 B1 B4 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B17 B18 C1	Valorarase a participación e implicación, o criterio, a puntualidade nas entregas, a creatividade e a calidade do traballo. Con ser un traballo de grupo, terase en conta a participación de cada estudante.	20
Outros			

### Observacións avaliación



Na avaliación terase en conta a actitude, interese, participación e dedicación á materia.

Ao tratarse dunha materia de marcado carácter práctico e vivencial, non se aconsella ao alumnado con dispensa académica. Así e todo, o alumnado que se acolla á dispensa académica, deberá realizar un traballo de curso individual e a proba obxectiva, sendo cualificados nun 50% cada unha destas metodoloxías. Para acollerse a esta modalidade, é condición necesaria asistir a titorías (mínimo 2) para facer un seguimento directo da construción do traballo de curso.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Aldrey Vázquez, J.A., Lois González, R.C. ((2010)). Breve Xeografía de Galicia. Vigo: A Nosa Terra
  - Cooper, H. ((2002)). Didáctica de la historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid: MEC-Morata
  - Castro, X. ((2007)). Historia da vida cotiá en Galicia. Vigo: NigraTrea
  - Dieguez Cequiel, U.-B. ((2015)). Reflexións arredor da Galiza para o debate. Historia, Xeografía.... Compostela: FESGA
  - Méndez Fernández, L. ((2000)). Por que se chama así este sitio. Santiago: Lea
  - Pérez Alberti, A. ((2008)). Espacios naturales de Galicia. Lundberg
  - Mariño, X.R. & González, X.M. ((2010)). Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza.. Vigo: Nigratrea.
  - Egan, K. ((2010)). Learning in Depth. Chiicago: The University of Chicago Press
  - Varios Autores ((1991-2008)). Galicia. Proxecto Hércules. A Coruña: Hércules Editorial.
  - Varios Autores ((1999)). Atlas histórico de Galicia. Vigo: Nigra Trea
  - Varios Autores ((2005)). Historia Xeral de Galicia. Vigo: A Nosa Terra
  - Villares, R. ((2004)). Historia de Galicia. Vigo: Galaxia
- Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras referencias máis específicas, quer sobre Historia e Xeografía de Galiza, quer sobre Didáctica da Historia e da Xeografía, entre outras.

### Bibliografía complementaria

<br /><br />

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Medio social e cultural e a súa didáctica/652G01025

### Materias que continúan o temario

## Observacións

Trátase dunha materia que se realizará principalmente cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. Así, a asistencia e participación e en todas as actividades desenvolvidas no contexto da materia, son imprescindibles.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías